

# CHOVEDEIRO



## **CEIP VIÑAGRANDE-DEIRO**

Rúa Viñagrande 65 A

San Miguel de Deiro

36627 Vilanova de Arousa

[ceip.vinhagrande.deiro@edu.xunta.gal](mailto:ceip.vinhagrande.deiro@edu.xunta.gal)

Teléfono: 886 151 902

# 1. Contextualización

O CEIP Viñagrande-Deiro en Vilanova de Arousa, é un centro situado na zona do Salnés, que se situa na Ría de Arousa, provincia de Pontevedra. A influencia da actividade agrícola e pesqueira, sobre todo en relación ao marisqueo son un factor socio-cultural relevante.

O centro conta cun total de 143 alumnas e alumnos que cursan educación infantil e primaria, un total de 17 docentes e a Asociación de Nais e Pais "A Prexela"

Entre as principais liñas de actuación para este curso, están:

- Fomentar o contacto coa natureza. A natureza é unha xanela aberta á aprendizaxe. Consideramos necesario potenciar o contacto co exterior e aproveitar a riqueza do patio e da contorna próxima máis alá do momento de recreo (zonas do patio, praia, monte e a praza)
- Favorecer accións de ecoloxía e sustentabilidade. Favoreceremos o desenvolvemento de accións transformadoras da contorna próxima que contribúan á súa mellora e coidado.

Para acadar estes obxectivos, participamos nos seguintes programas:

- Na liña de EDUsostenibilidade, dentro dos Contrato-Programa da CCEOU, o "Club de Ciencia" (programa convocado pola Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional)
- O Proxecto Voz Natura (Fundación Santiago Rey Fernández-Latorre)

A través dos que se pretenden acadar os seguintes obxectivos:

1. Poñer en práctica conceptos educativos sobre desenvolvemento sostible e cambio climático, a fin de capacitar ao alumnado para adquirir un comportamento ambientalmente responsable.
2. Familiarizar ao alumnado coas fontes de enerxía sostibles e non contaminantes, imprescindibles para combatir o cambio climático e que aportan beneficios de carácter económico e medioambiental.
3. Contribuír, dende os centros docentes, a lograr que as cidades, pobos e aldeas sexan espazos inclusivos, seguros, resilientes e sostibles, intentando reducir o seu impacto negativo, atendendo á calidade de aire, xestión de residuos, mitigar posibles desastres e protexer o patrimonio cultural e natural.
4. Concienciar ao alumnado sobre a necesidade de conservar e protexer os ecosistemas tanto mariños como terrestres, reducindo a contaminación, restaurando os ecosistemas danados, evitando a perda de diversidade biolóxica ou promovendo unha xestión sostible dos recursos que nos proporcionan.

## 2. Xustificación do proxecto

CHOVEDEIRO é un proxecto a desenvolver por un total de 66 alumnas e alumnos de 3º a 6º de educación primaria, que participan no “Club de Ciencia”.

Preséntase como un proxecto de investigación no que o propio alumnado deseñará e construírá un sistema de rego sostible e ecolóxico, para o invernadoiro que se acaba de instalar no patio do centro. Este proxecto, será susceptible de melloras a partir da posta en práctica, observación e introdución de melloras, facendo do erro unha oportunidade de aprendizaxe.

## 3. Obxectivo principal

Deseñar e construír un sistema de recollida e almacenamento de auga, para regar o invernadoiro, facendo uso da auga da choiva e material de refugallo

### Obxectivos:

- Adquirir conciencia sobre a necesidade de facer un uso responsable dos recursos naturais
- Investigar os procesos que permiten reducir o consumo de recursos naturais: a auga.
- Reutilizar, reempregar e reciclar material de refugallo.
- Deseñar e construír o proxecto elixido a custo cero.
- Valorar o traballo colaborativo.

## 4. Indicadores de logro

- Construír o depósito deseñado para a recollida de auga da choiva.
- Comprobar que o sistema cumpre a súa función.
- Lograr almacenar a auga para o rego do invernadoiro.

## 5. Liña de actuación:

1. Presentar o produto final que se pretende lograr.
2. Rebumbio de ideas: recoller as ideas iniciais que xorden do alumnado.
3. Definir a idea que conta con maior aprobación, tendo en conta a viabilidade do proxecto.
4. Unha vez definido o proxecto, realización de varios deseños que permitan desenvolvelo.
5. Construír o deseño elixido tendo en conta a eficacia e eficiencia do mesmo.
6. Probar o funcionamento co fin de detectar posibles erros e solventalos.
7. Extraer conclusións para a mellora de futuros proxectos.